



PROBLEMAS DE RESOLUCIÓN DE TRIÁNGULOS.

1.- Determina o lado do octógono inscrito e do octógono circunscrito nunha circunferencia de raio 5 cm.


Octógono inscrito



Octógono circunscrito




2.- Nunha circunferencia de raio 6 cm trazamos unha corda AB a 3 cm do centro. Indica o ángulo $\widehat{AOB}$.




3.- Un barco A emite unha sinal de socorro que se recibe en dúas estacións de radio B e C. Coñécense os ángulos $\angle ABC = 68^\circ$, $\angle ACB = 55^\circ$ e a distancia que hai entre as estacións de radio, que é de 23 Km. Calcula a distancia que hai dende o barco a cada unha das estacións de radio. Calcula a altura do triángulo que forman A, B e C.


4.- As diagonais dun paralelogramo córtanse nos seus puntos medios. Unha das diagonais mide 15 cm , a outra 12 cm e entre elas forman un ángulo de 60° . Calcula a medida dos lados do paralelogramo.



5.- Calcula o perímetro do polígono adxunto:



6.- Para calcular a altura dun globo, realizamos as medicións indicadas na figura. Canto dista o globo do punto A? Canto do punto B? A que altura está o globo?



7.- Dous barcos parten dun porto con rumbos distintos que forman un ángulo de 127° . O primeiro sae ás 10 h da mañá cunha velocidade de 17 nós, e o segundo sae ás 11 h 30 min, cunha velocidade de 26 nós. Se o alcance dos seus equipos de radio é de 150 km, poderán poñerse en contacto ás 3 da tarde?

1 NÓ=1 MILLA NÁUTICA=1,852 KM/H.

8.- Dende un punto no chan vese a azotea dun edificio cun ángulo de elevación de 48° . Avanzando 20 metros en dirección ao edificio, o ángulo de elevación incrementase en 14° . Calcula a altura do edificio.